A represión franquista en Galicia

Actas dos traballos presentados ao

Congreso da Memoria

Narón,
4 a 7 de decembro de 2003

A represión franquista en Galicia
Actas dos traballos presentados ao Congreso da Memoria
Narón, 4 a 7 de decembro de 2003

1ª edición: maio 2005

Deseño e maquetación: Edicións Embora
Ilustración da portada: Alberto Toval

Depósito Legal:

A represión contra o Movemento Libertario na Galiza durante a Guerra Civil e a posguerra

Eliseo Fernández
Dionísio Pereira

Ao longo do tempo que levamos traballando sobre a historia do movemento libertario na Galiza, fumos atopando novos datos sobre a sanguenta represión que afectou á militancia libertaria no período dictatorial. Asemade, os traballos que trataron esta temática nos diversos ámbitos xeográficos, foron de inmellorable axuda para ter unha mínima visión de conxunto do que significou a represión contra o anarquismo e o anarcosindicalismo galegos, especialmente no que se refire ás persoas asasinadas polos partidarios do novo réxime ou falecidas como consecuencia da Guerra Civil.

Mália que a cuestión non está pechada e de seguro vaise ver ampliada coa aparición de novos traballos de ámbito local, incluímos neste traballo un listado de 430 militantes da CNT, das JJ.LL. ou de grupos libertarios, ben asasinadas na nosa terra naqueles anos mouros, ben falecidas combatendo co bando republicano ou coa guerrilla posterior á contenda. Con base nesta lista e nas fontes das que provén, atopámonos xa en condicións de tirar algunhas conclusións sobre a represión exercida contra os libertarios na Galiza, con resultado de morte.

Unha xeografía da represión

As víctimas pertencían a 59 concellos diferentes da Galiza, o que nos pode dar unha idea de que a extensión da represión no se cebou únicamente nas zonas de tradicional implantación libertaria (bisbarras de Coruña e Ferrol, Santiago, Betanzos, Lousame-Noia, Rías Baixas, Cariño, Viveiro-Celeiro, Tui...), senón que abrangueu un bo anaco da xeografía galega. Tendo en conta que a CRG contou con implantación en aproximadamente 110 municipios ao longo da IIª República, a ausencia de falecidos en moitos deles pode ser debido, ben a que os sindicatos se constituiran nos derradeiros tempos da II República ao carón do forte dinamismo social que caracterizou ao período da Fronte Popular, ou ben a que algúns deles desapareceran xa a esas alturas logo da desfeita posterior a

Outubro de 1934. Non obstante, aínda hai moitos concellos dos que a penas sabemos nada da represión alí desenvolvida, por falla de estudios locais: Pontevedra, Chantada, Padrón, Pontecesures, Vilanova de Arousa, Bande, Celanova, Tomiño, Ribadeo, O Vicedo, Xirazga (Beariz), Punxín, A Baña, Cerdedelo (Laza), Prado (Vilar de Barrio), Teixeiro (Curtis), Escarabote (Boiro), O Porriño, Baiona, Mondoñedo, Malpica, O Pindo (Carnota), Campo Lameiro, Castrelo (Forcarei), Santa Mª de Sacos (Cotobade), Erbecedo (Coristanco), Ponteceso, Nantón (Cabana), Ramirás, Piñor ou Sabadelle (Pereiro de Aguiar), sen ir máis lonxe, contaban con sociedades agrarias e sindicatos obreiros ou mariñeiros integrados na CRG cando chega a Guerra Civil, mais nada sabemos do que aconteceu cos seus afiliados.

Polo que sabemos, na provincia de Lugo a represión afectou principalmente á capital e ás vilas de Viveiro e Monforte, cunha relación notoria entre a implantación dos sindicatos da CNT e tamén coa evidencia de resistencia contra o golpe militar. A decidida resposta dos traballadores vivarienses, que formaron varias expedicións para ir axudar aos resistentes da Coruña, motivou que a represión na vila fora a máis forte da provincia no que atinxe á militancia libertaria. No resto da provincia, houbo tamén asasinatos de anarcosindicalistas noutros concellos de menor implantación cenetista como Cervo, Outeiro de Rei, Queiroga, O Incio e Cervantes.

Outro tanto aconteceu en Ourense, onde a capital e a zona de Verín-Castrelo do Val-A Gudiña-A Mezquita monopolizan a práctica totalidade dos falecidos violentamente, aparecendo tan só outros militantes libertarios asasinados en Ribadavia e Carballeda de Valdeorras. A tardía e cativa implantación da CNT na provincia queda así ben reflectida, ao existir só núcleos de certa importancia no entorno de Ourense e, sobre todo, no Surleste da provincia, debido á concentración de traballadores na construcción da vía férrea Zamora-Ourense. Nesta zona, a forte implantación do sindicalismo libertario e a resistencia diante do golpe militar, tivo como consecuencia unha asañada represión hoxe tan só albiscada[1] que acadou maioritariamente aos "carrilanos", mália que moitos deles conseguiron fuxir pasando á zona republicana pola "raia seca" portuguesa.

Mais a violencia represiva contra os libertarios nas provincias de Lugo e Ourense foi menor cuantitativamente da que sofreron nas provincias de Pontevedra e A Coruña, onde se contabilizan a maioría dos represaliados mortais logo do levantamento militar. Esta situación correspóndese, lóxicamente, coa maior implantación da Confederación nas vilas e cidades da Galiza máis occidental[2].

Na provincia de Pontevedra, algunhas vilas pagaron unha forte contribución de sangue despois do golpe. Algunhas delas, eran tradicionais feudos do sindicalismo libertario dende tempos anteriores á IIª República, como Vilagarcía ou Tui. Neste caso derradeiro, sen embargo, a mortalidade de afiliados á CNT debeu ser moito maior da que nós rexistramos, habida conta da brutalidade da represión desatada alí polos falanxistas: a inexistencia de estudios locais que inclúan listas de represaliados na bisbarra tudense, impide de momento calibrar a verdadeira magnitude da desfeita. E outro tanto acontece nas vilas mariñeiras da cara norte do Morrazo, Bueu e Marín, onde o anarcosindicalismo mariñeiro contaba con nutridos sindicatos[3].

No sur da península do Morrazo, a represión estivo moi vencellada á forte expansión do sindicalismo pesqueiro no período republicano e á súa combatividade. Cabe sinalar as vilas de Cangas e Moaña, onde os militantes dos sindicatos pesqueiros foron teimudamente perseguidos, selvaxemente torturados e, algúns, fondeados na ría.

No extremo sur da provincia, fora da intensa represión que padeceu Tui, seguramente agravada pola resistencia ao levantamento militar que se levou adiante naquela zona, compre sinalar que os cenetistas dos concellos de A Guarda e Nigrán tamén foron obxecto de numerosas represalias con resultado de morte.

No resto de Pontevedra cabe destacar o caso de Cerdedo, singular tanto por rachar co carácter ribeireño do sindicalismo libertario na provincia, como polo crecido número de veciños mortos na guerra civil, ben polas persecucións na retagarda, ben pola nutrida participación de canteiros cerdedenses radicados temporalmente en Madrid no exército republicano. En calquera caso, o manexo dun listado completo das víctimas da represión e da guerra nese Concello, permite achegarnos a unha cifra moi próxima á realidade do que foi cuantitativamente a mortalidade derivada do golpe militar, cousa que, por desgracia, non acontece na inmensa maioría das localidades galegas onde a CNT tivo presencia.

Sen dúbida, a represión máis selvaxe foi a exercida contra os libertarios vigueses, que participaran de xeito destacado nas diversas barricadas con que os barrios dos arrabaldos tentaron resistir ao levantamento militar. Mentres algúns eran asasinados decontado logo da derrota das forzas leais á República, outros conseguiron agacharse temporalmente na bisbarra da cidade olívica, artellando grupos de fuxidos. Mais, aos poucos, moitos deles foron capturados e asasinados polas milicias falanxistas.

A grande implantación do sindicalismo libertario na provincia da Coruña[4], explica que no seu territorio houbese o maior número

de libertarios represaliados polos franquistas no conxunto da Galiza. Nela, voltamos a atopar o vencello entre implantación sindical, resistencia ao golpe e forte represión, que caracterizou ao acontecido nas bisbarras de Coruña, Ferrol, Cariño, Betanzos, Lousame-Noia e, en menor medida, Compostela e arredores.

A represión extendeuse por toda a provincia e mesmo chegou a afectar a un total de 29 concellos, aínda que a maior parte dos asasinatos producíronse nas bisbarras de Ferrol e A Coruña. Nestas cidades había un movemento obreiro moi arraigado, netamente libertario na Coruña, en competencia co socialismo en Ferrol. E as novas autoridades tentaron controlar eses importantes núcleos obreiros, levando a cabo unha persecución implacable.

Na zona de Ferrol houbo unha forte resistencia nos buques e instalacións da Armada e por parte dos traballadores dos estaleiros, de maneira que houbo varios mortos no bando rebelde durante os enfrontamentos armados. Por elo, as condenas a morte aos resistentes se xeralizaron nos primeiros tempos do golpe militar, acadando a unha chea de militantes libertarios.

A situación na Coruña foi moi semellante, coa particularidade de que o artellamento de redes clandestinas de resistencia con posterioridade ao golpe militar, empregadas algunhas delas na organización de evasións por vía marítima[5], fixo que a represión se mantivera de xeito constante por máis tempo, chegando a motivar a morte violenta de, cando menos, 138 persoas vencelladas á CNT e outras organizacións libertarias.

¿Quénes foron as víctimas?

Compre adicar un pouco de tempo a explicar quénes foron as víctimas da represión e da guerra, e cál era a súa significación nas organizacións libertarias galegas.

En primeiro lugar, hai que sinalar que a represión mortal afectou dun xeito prácticamente total aos homes. No listado que temos elaborado, só recollemos a morte de cinco mulleres e, delas, a penas coñecemos os datos dunha mestra en Nocedo-Queiroga e dunha carboneira de Vilagarcía de Arousa de alcume "A Pesada"; as outras, foron unha militante da Sección de Empaque y Descarga do SIP de A Coruña chamada Teresa Varela Calviño e as dúas mulleres asasinadas en Xullo de 1937 nas redadas contra a FAI herculina. Seguramente a explicación estea en que, mália existir colectivos integrados na CRG con nutrida presencia da muller (diversos "Sindicatos de Industria Pesquera" ou de Transporte en distintos lugares da beiramar, que incluían pescantinas e cargadoras; os de cigarreiras, misteiras e tecedeiras na Coruña,...), a mili-

tancia femenina non abundaba e tampouco había moitas mulleres que ocuparan cargos nas organizacións libertarias. A máis coñecida das militantes anarquistas galegas, a aragonesa afincada na Coruña Sebastiana Vitales, salvou a vida pese a ser detida por breve tempo e ver morrer ao seu compañeiro Francisco Ballón Pequeño, nos primeiros intres do golpe militar. Algo semellante aconteceúlle a outra coñecida sindicalista do porto coruñés, a delegada de Empacadoras Sofía Martínez, que tivo que andar agachada boa parte do tempo da contenda, levando unha vida mísera. E outro tanto debeu aturar a libertaria betanceira Mercedes Navarro Mijón, que debeu fuxir do seu domicilio para evitar o "paseo". En calquera caso, descoñecemos aínda que foi dalgunhas rapazas integradas nas JJLL coruñesas, mesmo os seus nomes, e compre lembrar tamén que no listado de represaliados coruñeses aportado por Luis Lamela, hai unha ducia de mulleres novas das que descoñecemos a súa filiación[6].

As persoas asasinadas eran na súa maioría cadros dos sindicatos da CNT, entendendo como tais aos militantes máis destacados de cada un dos sindicatos e localidades. A represión tamén afectou a militantes de base sen apenas significación, pero neste caso era máis corrente que o xeito de concretarse esa represión fora con penas de cárcere ou con outra sorte de represalias. Ser cargo dalgún sindicato, organizador dalgunha sociedade obreira, ou militante anarquista coñecido, era sinónimo de pena de morte, paseo ou, nalgúns casos, cadea perpetua. Compre dicer, non obstante, que ao facer o traballo de investigación foi máis doado para nós entresacar das listas de represaliados aos militantes libertarios presentes nas directivas sindicais, mentres que, ao carecer dos libros de socios e socias dos colectivos, foi imposible determinar a filiación en outros moitos casos.

Entre os militantes máis coñecidos residentes na Coruña que foron asasinados, podemos sinalar a tres antigos secretarios da CRG, Jacinto Méndez, José Villaverde e José Moreno e ao organizador da "Federación Nacional de Industria Pesquera", Manuel Montes. Cabo deles, toda unha serie de cadros que integraron nalgunha ocasión o Comité da CRG, como Antonio Prenas, Jaime Baella, Ángel Fernández, Luis Cheda e Julián Carballo; ademáis, o muradán Claro José Sendón, antigo compoñente do Comité da CRG cando estivo radicado na Coruña e membro do Comité Nacional da CNT tras fuxir á zona republicana, faleceu de tise nos EEUU no transcurso dunha xira de propaganda. Tamén foron asasinadas ou faleceron na Guerra Civil formando parte do exército republicano, cenetistas destacados nas súas localidades, entre os que podemos sinalar a Emilio Novás e Manuel Lafuente en

Oleiros, José Esmorís en A Laracha, José Monzo e Xoán Antonio Suárez Picallo en Sada, Cándido Sánchez e Marcial Villamor en Compostela, Jesús Leis en Negreira, Francisco Iturralde, Nicasio López e Mario Rico Cobas en Ferrol, Nicasio Méndez en Mugardos, Manuel Fernández Caruncho en Ares, Agustín Pérez Bacaría en Cariño, Jose Rivera no Barqueiro, Aurelio Castillo, Julio Sas e Gerardo Mosquera en Betanzos, Obdulio López Acea en Irixoa, Jacinto Campaña en Camariñas, Manuel Carracedo Balsa en Ponte do Porto, Maximino Martínez en Ponte Nafonso, David Mariño en Portosiño, Francisco Lemiña en Porto do Son, José Romero en Lousame, Vicente Iglesias en Ribeira, Antonio Álvarez en Lugo, Cándido Soto en Celeiro, José Pardo Babarro en Ourense, José Perdiz en Verín, Domingo Couso en A Gudiña, Jacinto Diéguez na Vilavella, César Rosas, Germán Parga, Arturo Prieto Balsa e Antonio Sayanes en Vigo, Manuel Rañó, José de la Torre e Rodrigo Beruete en Vilagarcía, José Paz Pena e Cándido Giráldez en Moaña, Antonio Chaves en Cambados, Emilio Rodal, Manuel Piñeiro e Rufino Miranda en Cangas, José Millán en Aldán, Gumersindo Rodríguez e Emilio Costas en Tui, Manuel Noya Gil e Antonio Domínguez Pacheco en A Guarda, José López en Sabarís, Francisco Arca en Cerdedo, Manuel Sayar en Marín e José Prol no Grove.

Se botamos unha ollada á representación galega no Congreso da CNT celebrado en Zaragoza en maio de 1936 (ver ANEXO II), integrada por 30 persoas, podemos decatarnos da intensidade da represión contra a militancia libertaria, xa que máis da metade deles (cando menos 17) foron asasinados ou morreron nos anos 1936-1939. E os outros tiveron que pagar o seu prezo a xeito de exilio, moitos anos de cárcere ou manténdose entobados durante a Guerra Civil. E aínda así, boa parte dos sobrevivintes participará na loita clandestina dos anos 40.

De entre os cadros libertarios máis coñecidos que foron detidos nos anos da guerra, poucos zafaron da morte. Tan só aqueles que caeron nas mans dos franquistas conforme remataba a contenda ou os que conseguiron agachar dalgún xeito a súa traxectoria, libraron con condenas de cárcere. Compre neste apartado falar dos "entobados", que pasaron toda a Guerra Civil agachados en casas, ou dos "escapados" no monte: militantes tan coñecidos como o directivo do Ramo da Construcción coruñés, Manuel Rey, o dirixente dos mineiros de Lousame, Enrique Fernández, o cadro mariñeiro de Cangas, José Molanes e os militantes da FAI ferrolá Luis Abella, Rogelio Leal, e Moisés Lago, entre outros moitos, salvaron a vida mercé a estas alternativas extremas. E capítulo aparte merecen dous cenetistas composteláns, Manuel Fandiño e Jesús Vieiro, que prolongaron o seu enterramento en vida durante oito anos.

Mais a represión tamén afectou de xeito sinalado a moitas persoas que pertencían aos grupos anarquistas, á FAI ou ás Juventudes Libertarias. Aínda que os cadros destes chamados grupos específicos actuaron nunha semi-clandestinidade durante a IIª República e tiñan xa unha certa experiencia adquirida nas tentativas insurreccionais dos anos 1933 e 1934, o que lles permitía afrontar a enxurrada represiva con máis garantías, tamén é certo que en ocasións tomaban iniciativas máis arriscadas que o resto da militancia. É o caso significativo dos compoñentes da FL de GGAA da Coruña (FAI) que tentaban reartellar este organismo a comezos de 1937; entre eles estaban o greco-arxentino Antonio Furnarakis, o antigo lexionario José González e o tipógrafo Antonio Varela. O mesmo pode dicirse da militancia das JJ.LL., que foi reclutada no exército golpista nos primeiros tempos da guerra e que participou en varias tentativas de levantamentos en cuarteis de Ferrol e A Coruña, sendo por elo executados de xeito sumario. Outro exemplo é o de moitos militantes das JJ.LL. e da FAI na zona de Vigo, que tiveron unha activa participación nos enfrontamentos contra os militares dende as barricadas emprazadas nos bairros limítrofes e que posteriormente foron caendo baixo as balas da Falanxe, Garda Civil ou pelotóns de execución.

Semella, ademáis, que nas diversas localidades determinados sindicatos sofriron de xeito especialmente agudo a persecución, xeralmente relacionada coa súa implantación e combatividade nos anos anteriores á guerra, ou pola súa decidida actuación, tanto no intre do golpe de estado, como nas posteriores actividades clandestinas. Por exemplo, na Coruña chama poderosamente a atención a fortísima represión que tiveron que soportar os integrantes tanto do colectivo dos panadeiros como do Ramo da Construcción, o sindicato máis nutrido da cidade durante a República con máis de tres mil adherentes en 1936 e tamén un dos máis dinámicos: unha trointena dos seus militantes, foron asasinados. O "Sindicato de Camareros" foi tamén un dos máis afectados pola represión entre os da Coruña, cecais pola participación dalgúns dos seus cadros nas redes clandestinas artelladas a finais de 1936 e comezos de 1937. Tamén na Coruña, compre destacar á militancia do "Sindicato de Industria Pesquera" que, ata mediados do ano 1938, mantivo unha organización clandestina que artellou numerosas fugas de militantes perseguidos, empregando os buques da frota pesqueira con base no porto herculino; froito da súa actividade, saíron da Galiza en torno a unha ducia de barcos levando militantes de esquerda da bisbarra. Como consecuencia destas actividades, tamén caeu un feixe de militantes do Sindicato, destacando entre eles a José Gómez Roibal, Manuel Montes e ao seu fillo Carlos Montes Babío.

En Vigo non hai ningunha dúbida que a represión se cebou especialmente no Sindicato de Industria Pesquera e no Sindicato de Metalúrgicos; no primeiro caso, pola implantación do Sindicato e os seus afoutos enfrontamentos coa patronal pesqueira durante a República, e no segundo, pola combatividade dos seus militantes, que tiveron unha sinalada actuación nos primeiros días do alzamento militar e mesmo algúns se mantiveron agachados por varios anos na bisbarra da cidade.

En Santiago e Ferrol a represión afectou case por igual a tódolos sindicatos, destacando un chisco o Sindicato da Construcción compostelán e os nutridos Sindicatos da Industria Naval e do Transporte na cidade departamental.

No espazo vilego, a persecución mortal afectou maioritariamente aos militantes dos sindicatos máis característicos de cada localidade. Nas vilas da beiramar, uns 70 cadros mariñeiros anarcosindicalistas sacrificados testemuñan, tanto o pasado poderío da fenecida "Federación Regional de Industria Pesquera", que contou con máis de 17.000 asociados, como a xenreira que as actividades dos sindicatos pesqueiros de Celeiro, O Barqueiro, Cariño, Ares, Mugardos, Sada, Porto do Son, Cangas, Moaña, Panxón, Chapela, Aldán, A Guarda, etc., xeraron nas "forzas vivas" dos respectivos portos de pesca. Por que, nas Rías Baixas, o mar tamén foi fosa común. En Cangas, Moaña e Bueu, motoras alugadas para a ocasión a fabricantes e armadores, transportaron os cadáveres de sindicalistas mariñeiros para fondealos na ría atados a parrillas de torrar o peixe ou pandullos. Unha delas, a de Bueu, tomou por mal nome "La Funeraria" e despois da guerra ninguén quixo embarcar nela. En poucos sitios como no Morrazo, Bouzas, Panxón ou Teis, ficou tan ás claras a "xustiza de clase" que armadores e conserveiros aplicaron aos dirixentes dos extintos sindicatos mariñeiros, que tantos quebradeiros de cabeza lles deran na República. Porque alí, a que armou e instigou aos falanxistas, foi a Patronal pesqueira e conserveira[7]; xa nolo dixo anos atrás con amargas palabras Manuel Rúa, mariñeiro cenetista de Moaña: "*A Patronal, luchando con ela toda a vida e así acabou por matarnos*". Unha Patronal que, en boca do Presidente franquista da Deputación de Pontevedra era "*un Estado dentro del Estado...que no se atreve nadie a rechazar ante el temor de tener como enemigo a la Patronal, que ya se sabe por la experiencia de otros, hunde a sus enemigos*"[8].

Por último, tamén foron asasinados nestes anos unha chea de integrantes das sociedades culturais vencelladas ao anarquismo na Galiza. Non é sinxelo discernir se a represión contra deles derivóuse desta participación en actividades culturais, da súa militancia paralela en sindicatos da CNT, ou da combinación de ambas.

Aínda así, hai que lembrar na Coruña a un bó número de socios e directivos, ben do Centro de Estudios Sociales "Germinal", ben do Centro de Estudios Sociales "Resplandor en el Abismo" do bairro de A Silva, a membros de varios ateneos libertarios da cidade e da bisbarra, e ao responsable da escola racionalista de Santa Lucía, Luis González Amil. En Ferrol foi asasinado o profesor racionalista Francisco Iturralde, así como varios socios do Ateneo Cultural de Ferrol Viejo. A represión rematou coa faciana cultural do anarquismo galego, eliminando tamén a integrantes do Ateneo de Divulgación Social de Lavadores, da "Antorcha del Porvenir" de Beade, do Grupo de Educación "Mar y Tierra" de Cangas, do Ateneo de Divulgación Política y Social de Sada, do Ateneo Cultural Cariñense e, posiblemente, doutras asociacións de tipo cultural vencelladas ao movemento libertario.

A outra represión

O feito de que nos centraramos nas mortes causadas entre a militancia libertaria non quere dicir que non houbera outra represión, tamén moi intensa, que afectou a unha parte significativa das capas sociais que apoiaron durante a IIª República as diversas propostas organizativas do movemento libertario. Foron por unha banda as prisións, os campos de concentración, e os batallóns disciplinarios; pola outra, os agochos no monte ou nas casas de familiares e amigos; e, por último, o exilio ao que unha chea de cenetistas máis ou menos significados se viron conducidos[9]. Sen esquecer, dende logo, as malleiras, humillacións e perda da condición de cidadáns, que moitos e moitas deberon aturar como pan de cada día.

Centos de militantes libertarios galegos aturaron duras penas de cárcere nas cadeas galegas e de fora da Galiza, moitos deles logo de se conmutar a súa condena a morte; entre eles os irmáns Manuel e Maximino Quinteiro, de Negreira e José e Secundino Rodríguez Eiras, de Carril; Desiderio Comesaña, de Pontevedra; o coruñés Argimiro Seijas; o ferrolán Andrés Santos; Juan García Durán, de Vilaxoán; Andrés Abeijón, de Porto do Son; Vicente Díaz Veiga, de Valdoviño; o compostelán Antonio Ramos Varela, e un longo etcétera. Ademáis, compre lembrar a persoas de avanzada idade que aínda mantiñan a súa militancia libertaria, mais que non tiveran unha actividade sinalada na IIª República e, sen embargo, e de xeito inhumano foron condenandos a penas de prisión. Na Coruña, falamos, por exemplo, de José Sanjurjo, internado con máis de 60 anos na Illa de San Simón; de Benito Couceiro, desfeito como persoa logo da súa estancia na cadea coruñesa con 54 anos; de Ricardo Cotelo, que saiu en liberdade en 1941, con 67 anos...

Correndo o tempo, algúns militantes libertarios xa condenados, comezaron a cumplir as súas penas en cadeas fora da Galiza. Un dos penais no que se enviou a moitos presos galegos foi o de San Cristobal (Iruña); alí, o 22 de maio de 1938, levouse a cabo unha fuga colectiva de preto de 800 homes, entre os cais había moitos militantes libertarios galegos: catro deles, o coruñes Julio Costa Piñeiro (acusado de ser un dos promotores da fuga), o ferrolán Manuel Rivera Herva "Rebelde", o mariñeiro de Chapela Alejandro González e o carboneiro coruñés Alfonso Valeiro Caramés, morreron na tentativa, mentres que outros foron capturados no intento de chegar a Francia, como foi o caso de Antonio Castro Vázquez "Casimiro", de Mugardos, José Bóveda Formigo, de Ventosela-Ribadavia, Rogelio Diz Fuentes, de Vilagarcía, e Enrique Rosende Calvo, da Coruña[10].

Nos anos da Guerra Civil houbo algúns "afortunados" que conseguiron pasar á zona republicana, e a maioría deles loitou no exército leal contra os golpistas. Un importante grupo de libertarios coruñeses e das zonas de Noia e Cariño combatiron en Euzkadi e Asturias até a caída da fronte do Norte; despois foron detidos, encarcerados e en moitas ocasións asasinados; neste caso a súa fuxida só serviu para retardar a represión da que tentaran liscar na Galiza: velaí os tristes casos de José Moreno Torres ou Julián Carballo, dentro dos coruñeses e de Ramón García Fernández, Fermín Maneiro ou Maximino Martínez, do entorno da Ría de Muros e Noia. Outros, como o compostelán Manuel Ceruelo ou o noiés José Fuentes Rei, pasaron ben anos nas cadeas.

Coa derrota final do exército republicano moitos anarcosindicalistas galegos foron detidos e internados nos campos de concentración franquistas, para dirixir logo aos que estaban en idade militar aos Batallóns Disciplinarios e Compañías de Revisión, ou ás cadeas onde penaron condenas máis ou menos longas; eses foron os roteiros do coruñés José Suárez Hermida, arrestado en Málaga ao finalizar a contenda, e dos cerdedenses Francisco Bugallo, Rogelio Arca e Manuel Tato, falecido o derradeiro debido aos malos tratos recibidos na cadea de Lugo, tras pasar por un campo de concentración en Teruel e unha Compañía de Revisión na capital lucense xunto cos seus conveciños. Mentres, outros pasaron a Francia e ían dar aos campos de concentración que as autoridades francesas mantiñan nas zonas fronteirizas. Naqueles anos uns, caso do coruñés "Roque" Gantes, foron condenados ao traballo forzado nas compañías de traballadores (primeiro para os franceses, logo para os alemáns) e, deles, algúns remataron sendo conducidos aos campos de concentración nazis. Alí morreron os libertarios coruñéses Luis Rafales Lamarca e Adriano del Castillo Soutelo, así

como o betanceiro José Naveira Campos, mentres que o noiés Manuel Figueroa e os ferroláns Marcelino Pardal Pouso e Antonio Cendán Rodríguez[11] conseguiron sobrevivir.

Pode dar unha idea do terrible que foi ese roteiro, o feito de que ao rematar a IIª Guerra Mundial non foi pequeno o número de militantes libertarios que preferiron voltar á Galiza franquista antes que vivir naquel ingrato exilio. Algúns o fixeron coa intención de tentar retomar a súa militancia de xeito clandestino, mais outros tan só arelaban reencontrar ás súas familias e roer en silencio a sua derrota[12].

A xeira represiva mantívose nos anos 40, agora para rematar coas actividades da CRG clandestina; dentro das numerosas caídas de militantes naqueles anos, destacou a de marzo de 1947, que afectou a máis de 200 cenetistas de diversas localidades galegas. Máis adiante trataremos o asunto con máis detalle; agora nos interesa subliñar que os malos tratos sufridos nas comisarías (a de Vigo destacou pola brutalidade dos métodos alí empregados) e nas cadeas provocaron, cando menos, a morte de dous confederais unha vez que foron liberados a comezos dos anos 50: referímonos ao tipógrafo compostelán Antonio Fandiño Ricart e o metalúrxico vigués Manuel Molares Álvarez.

Conclusións

Analisando os 430 libertarios que, como mínimo, morreron violentamente nos anos do franquismo, temos contabilizado que 19 deles morreron loitando na guerrilla, 22 a consecuencia dos combates nas frontes de batalla participando no exército republicano (esta cifra, como apuntamos, pouco ten que ver coa realidade), e outros 26 morreron por outras causas (desaparicións, enfermidades e malos tratos nas cadeas, tentativas de fuga, ou nos campos de concentración nazis). Logo, máis de 360 militantes libertarios de toda Galiza morreron a consecuencia da represión directa (execucións e paseos); para entendernos, polo menos un de cada 100 afiliados da CRG-CNT e grupos libertarios en 1936 resultou morto a consecuencia da violencia organizada do réxime dictatorial.

Como xa diximos, esta porcentaxe aumenta a medida que temos en conta os chanzos superiores da organización, chegando a acadar máis do 55 % dos representantes galegos ao último gran comicio da organización anarcosindicalista. Neste sentido, todo apunta a que foi unha represión plenamente consciente e planificada, dirixida a descabezar a CRG (e dentro dela aos seus sindicatos máis implantados e combativos) e os grupos anarquistas, impedindo a súa reaparición futura.

A represión acadou de cheo á militancia libertaria, máis tamén afectou ás súas familias e ás súas amizades, que padeceron tanto a ausencia dos seus seres queridos, como todo tipo de represalias (multas, depuracións, malleiras, insultos, ameazas, listas negras nos traballos, ate, mesmo, detencións) se lles axudaban a sobrevivir. O ambiente de terror xeralizado que se creou na Galiza daqueles anos, pode considerarse realmente como unha agresión colectiva, da que tan só libraban quenes se adaptaban ao novo réxime.

Pode concluirse que a durísima represion contra o movemento libertario acadou o seu obxectivo: a eliminación física, as longas penas de prisión que voltarán a reproducirse nos anos 40 unha vez que os cenetistas retornen á loita clandestina, o illamento dos fuxidos, a morte dos guerrilleiros e o ingrato exilio, feriron de morte ao sindicalismo de raíces libertarias na nosa terra. Aínda que nos anos 60 e 70 quedaran rescaldos do anarcosindicalismo galego nas zonas de Ferrol e Vigo, no resto da Galiza a desaparición do movemento libertario foi prácticamente total. O caso da Coruña é cecais o máis representativo, xa que a durísima represión reducíu á mínima expresión aquel poderoso movemento que nos anos da República chegou a agrupar máis de 10.000 traballadores.

Anexos

Anexo I. Militantes do Movemento Libertario (CNT-FIJL-FAI) en Galicia Caídos nos anos da Guerra Civil e na Posguerra

Provincia de Lugo

Lugo		
Antonio Álvarez Fernández	Presidente Sindicato General de Trabajadores	(*)
Luis Souto Neira	X.D. Sindicato General de Trabajadores	(*)
Francisco García Callalta	Sindicato General de Trabajadores	(*)
Manuel Prendes Miranda	Sindicato General de Trabajadores	(*)
Manuel Rodríguez Castro	Cadro Sindicato General de Trabajadores	(*)
Total 5		
Outeiro de Rei		
Manuel Lage Sánchez	CNT	(*)
Total 1		
Viveiro		
Manuel Rodríguez Lago	Dirixente Sindicato Minero de Silvarrosa	(**)
Juan Martínez Corral	Sindicato Minero de Silvarrosa	(*)
Andrés Vale Blanco	Presidente da CNT	(*)
Claudio Quelle	X. D.Sindicato Industria Pesquera de Celeiro	(**)
Cándido Soto Gómez	Secretario SIP Celeiro	(+)
Manuel Timiraos	SIP Celeiro	(*)

Jesús Bellas Cao	Sindicato Único de Oficios Varios	(*)
José López Chao	Afiliado CNT	(+)
Total 8		
Cervo		
Francisco Trelles García	Sindicato de Pescadores de San Cibrao	(**)
Total 1		
Monforte		
Juan Manuel Domínguez López	Sindicato de Oficios Varios de Monforte	(*)
Ricardo López Somoza	Sindicato de Oficios Varios de Monforte	(*)
Total 2		
Queiroga		
Mestra de Nocedo	Sen identificar; afiliada CNT	(*)
Jesús Casas	Anarquista	(*)
Total 2		
O Incio		
¿Toribio Rodríguez Torres?	Labrador CNT	(*)
Total 1		
Cervantes		
Jovino Gutiérrez Alba	Afiliado CNT	(**)
Total 1		

Total provicia de Lugo: 21

PROVINCIA DE OURENSE

Ourense		
José Pardo Babarro	Médico; anarquista	(*)
Padrón	Grupo Sindical	(*)
Juan Mosquera	Grupo Sindical	(+)
E.Rego	Grupo Sindical	(+)
Naboeira	Sindicato Obrero de Palmes	(*)
Total 5		
Verín		
José Perdiz	Dirixente Sindicato Único de Trabajadores	(*)
Juan Salgado Rivero "O Juan"	Afiliado SUT e guerrilleiro	(+)
Total 2		
Castrelo do Val		
Antonio Colmenero Villamarin	Fundador Sind. Oficios Varios de Campobecerros	(*)
Camilo Gago Gago	Membro Sind. Oficios Varios de Campobecerros	(*)
Antonio Riveiro	Membro Sind. Oficios Varios de Campobecerros, portugués	(*)
Total 3		
A Gudiña		
Cesáreo Abril	Directiva Sindicato Único de Trabajadores	(*)
Domingo Couso Pérez	Tesoreiro Sindicato Único de Trabajadores	(*)

Florencio Esteban de Frutos	Presidente Sindicato Único de Trabajadores	(*)
Juan Pousa Velasco	Directiva Sindicato Único de Trabajadores	(*)
Nemesio Alonso Sotillo	Sindicato Único de Trabajadores	(++)
Total 5		

A Mezquita

Jacinto Diéguez Peña	Presidente CNT de Vilavella	(*)
Antonio Castro Cereijo	Directivo CNT de Vilavella e afiliado PCE	(*)
Roque García Cebeiros	CNT Vilavella	(*)
Juan Pérez Cornejo	CNT Vilavella	(*)
Alfonso Pérez Cornejo	Cadro CNT Vilavella	(++)
Manuel Pérez Cornejo	Cadro CNT Vilavella	(++)
Jesús Pallás Pérez	CNT Vilavella	(*)
Herminio Álvarez Vázquez	CNT Vilavella	(*)
Dionisio Tola Cano	CNT Vilavella	(*)
Total 9		

Ribadavia

"O Cacheiro"	Fundador Sociedad de Agricultores y Oficios Varios de Valdepereira	(*)
Total 1		

Carballeda de Valdeorras

Ceferino Rodríguez Arias "O Bailarín"	Guerrilleiro	(+)
Total 1		

Total provincia de Ourense: 26

PROVINCIA DE PONTEVEDA

Vigo

César Rosas Bermúdez	Antigo dirixente Sindicato Metalúrgico, chófer, sec. Sindicato Oficios Varios	(*)
Antonio Iglesias González	X.D. Sindicato Metalúrgico, JJLL	(*)
Fernando Lago Lago	X.D. Sind. Metalúrgico, sec. Federación Local	(*)
Olegario Collazo Lago	Sindicato Metalúrgico, JJLL, FAI	(*)
Leopoldo Comesaña Lorenzo	Sindicato Metalúrgico, JJLL	(*)
Roberto Fernández Alvarez	Sindicato Metalúrgico, JJLL	(+)
Manuel Molares Álvarez	Sindicato Metalúrgico	(++)
Germán Parga Varela	Secretario Sindicato Industria Pesquera	(*)
Antonio Sayanes	X.D. Sindicato Industria Pesquera	(*)
Raimundo Santiago	De Bouzas; Sindicato Industria Pesquera	(*)
José Pérez Prol	Sindicato de Industria Pesquera	(*)
Agustín Prieto Balsa	De Mugardos; X. D. Sind. Industria Pesquera	(*)
"Avisome"	Sindicato de Industria Pesquera	(*)
